

FONDO LIBROS E AXUDAS DE MATERIAL 2020-2021

Estas instrucións son un resumo do Fondo de Libros subvencionado pola Consellería de Educación e xestionado na Secretaría do **IES AQUIS QUERQUERNIS** (orde do 12 de maio, publicado no DOG 19-5-2020).

QUÉN O PODE SOLICITAR?:

- Alumnado que vaia **matricularse en calquera dos catro cursos da ESO** o vindeiro curso.

TIPOS DE AXUDA:

- **Material:** 50€ para renda per cápita inferior a 6000€.
- **Libros:**
 - Repartiranse os libros que hai no fondo por orde de renda per cápita ata esgotalos todos. Terá preferencia o alumnado con discapacidade ou situación de tutela da Xunta.
 - Garántense 6 libros se a renda per cápita é inferior a 6000€ ou se o alumno ten discapacidade, e 4 libros se é inferior a 10000€ (se non hai suficientes no fondo, o instituto mercaraos en setembro).
 - Alumnado con NEE recibirá 275€ en lugar dos libros.

CÁLCULO DA RENDA PER CÁPITA:

- Ingresos totais do **ano 2018** dividido entre os membros computables.
 - Se presentou declaración da renda, súmanse as **casillas 435 e 460**.
 - Os membros con discapacidade $\geq 33\%$ ou invalidez permanente contan dobre.

CONDICIÓNES:

- Se recibiu libros do fondo neste curso 2019-20, **devolveos en bo estado** a final de curso.
- Conservar en bo estado os libros, para poder **devolveos ó rematar** o curso 2020/21.

PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES:

- **Prazo:** ata o **19 de xuño**, incluído.
- **Lugar:**
 - Preferiblemente por vía electrónica con chave365 ou DNle (<https://sede.xunta.gal>, procedemento ED330B, ou ben <https://www.edu.xunta.es/fondolibros>).
 - No centro onde se vaia matricular no seguinte curso (2020/21).

DOCUMENTACIÓN:

- Libro de familia con todos os membros, ou certificado de empradoamento.
- Calquera certificado que acredite discapacidade ou outras alegacións.

DÚBIDAS FRECUENTES:

- **Se vai repetir curso, pode quedarse cos libros? NON.** Ten que presentar a solicitude antes do 19 de xuño e devolver os libros deste curso. En setembro recibiraos de novo.
- **Se ten exames de setembro, pode presentar a solicitude en setembro? NON.** O prazo remata o 19 de xuño.
- **Se se matricula en setembro, pode presentar a solicitude en setembro? NON.** Única e excepcionalmente para os que repitan 4ºESO.

PUBLICACIÓN DAS LISTAXES

A PUBLICACIÓN DAS LISTAXES SERÁ ÚNICA E EXCLUSIVAMENTE NO TABOLEIRO INTERIOR DO CENTRO

- Publicación da listaxe de **solicitudes con deficiencias ou falta de documentación**:
 - **22 de xuño de 2020**
- **Emendas á listaxe de solicitudes con deficiencias** ou falta de documentación:
 - **do 22 de xuño ó 3 de xullo de 2020**
- Publicación das **listaxes provisionais de solicitudes admitidas e excluídas**:
 - **10 de xullo de 2020**
- Presentación de **reclamacións contra as listaxes provisionais de solicitudes admitidas e excluídas**:
 - **13 e 14 de xullo de 2020**
- Publicación das **listaxes definitivas** de solicitudes admitidas e excluídas:
 - **14 de setembro de 2020**